

# BOletín

XUÑO 2019

---



**CFR**  
A CORUÑA


centro de  
formación e recursos



# Enseñar y aprender matemáticas con cuentos

Marín Rodríguez, Margarita

Narcea Ediciones, Colección Herramientas, Madrid. 2019 • ISBN: 978-84-277-2591-1 • 187 páxs.



*Enseñar y aprender matemáticas con cuentos* é unha proposta didáctica orientada ao desenvolvemento da competencia matemática, entendendo esta como a capacidade dun individuo para formular, empregar e interpretar as matemáticas nunha variedade de contextos (OCDE, Informe Pisa 2013). A proposta consiste nunha colección de 20 contos orixinais: agrupados en bloques temáticos, cada un deles contextualiza un elemento matemático como os números naturais, a proporcionalidade ou os poliedros. Cada conto acompáñase dunha guía didáctica que completa con rigor a historia presentada, proporcionando a metainformación pedagóxica e curricular correspondente.

En canto á utilización do conto

como recurso didáctico, a autora salienta que as súas características narrativas (historia lineal con formulación, nó e desenlace claros, linguaxe facilmente asimilable, carencia de elementos accesorios) ofrecen un enorme potencial pedagóxico para promover as aprendizaxes de todo tipo e, en particular, para interiorizar e assimilar a linguaxe matemática, abstracta e en xeral afastada da experiencia cotiá. Pero, como se expón no libro, o vínculo emocional que se xera a través da identificación cos personaxes, algo inherente a todos os contos, é o factor de maior peso para contextualizar as matemáticas mediante estas lecturas. Diversos estudos neurocientíficos presentan que a aprendizaxe significativa vai asociada ás emocións

e, asemade, á vinculación afectiva que se produce ao empatizar cos protagonistas das historias que lemos conduce a unha maior e máis profunda comprensión dos temas tratados.

Por último, e tamén relacionado coa experiencia emocional e afectiva, esta colección de contos demostra que é posible aprender gozando do proceso, sempre que as propostas didácticas estean ben deseñadas para este fin.

En definitiva, un interesante recurso didáctico, moi aplicable na aula e excelente para potenciar o amor ás matemáticas, tan necesario para acadar competencia na marabillosa linguaxe da natureza.



**BOletín**  
XUÑO 2019



**CFR**  
A CORUÑA

centro de  
formación e recursos



Celina Santamaría Recio  
Asesoría TIC

## Laboratorio lector

Para entender la lectura

Cassany, Daniel

Anagramas, Colección Argumentos, Barcelona, 2019

ISBN: 978-84-339-6430-4 • 209 páxs.

Daniel Cassany, profesor de análise do discurso na Universidade Pompeu Fabra, é considerado un experto a nivel internacional en temas relacionados coa comunicación escrita e a lectura. Nas súas publicacións recentes está a investigar como lemos neste século XX, e que circunstancias lectoras son as que nos condicionan. Deste xeito, Cassany examina as claves máis relevantes da lectura contemporánea, e estuda os cambios nos hábitos lectores que se están a producir na nosa sociedade.

En Laboratorio lector analízanse as complexidades da lectura e os obstáculos e factores que conspiran contra a mesma. No libro expóñense algunhas das interferencias que nos

prejudican para ler un texto en clave correcta. O autor indaga nos vicios que van adquirindo paulatinamente os lectores, e como estes poden entorpecer unha lectura correcta dos textos. No libro pasa revisión ás fixacións oculares, aos automatismos do cerebro, as estratexias utilizadas para comprender un texto, ás inferencias que realizamos, e a como traballa a memoria, entre outros aspectos.

No libro podemos atopar capítulos centrados en estudar a ideoloxía que se agocha tras os textos («literacidad crítica»). Cassany revisa as estratexias con que exploramos un escrito para así detectar con que intención está redactado e quen se oculta tras a súa autoría. O libro tamén analiza



como internet está cambiando a educación lingüística e as prácticas de lectura. Atopamos aquí orientacións moi útiles para aprender a xestionar eficazmente a información que un

pode atopar na rede.

Todos os capítulos do libro inclúen exercicios que o autor denomina «experimentos» e que se basean na relación e percepción do lector cara aos textos. Estes experimentos teñen a intención de que indagemos e reflexionemos sobre os mecanismos que se poñen en marcha cando lemos.

Aconsello ao lector deste libro que se deteña nas citas tan sutís, irónicas e clarividentes que abren cada capítulo: «Cuanto menos se lee, más daño hace lo que se lee» (Unamuno), creo que sobran as explicacións. Laboratorio lector é un ensaio lúcido, entretido e que resultará de moita utilidade a toda aquela persoa que estea interesada en entender mellor o mundo letrado no que vivimos xa que como di o autor, ler e comprender non é doado.



BOLetín  
XUÑO 2019



CFR  
A CORUÑA

centro de  
formación e recursos



Javier Pintor Elizalde  
Aseoría Lingüístico-social



## Reconocer la diversidad

Textos breves e imáxenes para transformar miradas

Calderón Almendros, Ignacio e Verde Francisco, Paula

Colección Horizontes-Educación. Ed. Octaedro S.L. Barcelona, 2018 • ISBN: 978-84-17219-95-6 • 116 páxs.

Directa, turbadora e mesmo desafiante. Así é a experiencia de achegamento a esta obra que combina textos reflexivos onde os haxa e imaxes tan fermosas como inquietantes.

Os primeiros levan o cuño de Ignacio Calderón, profesor universitario e recoñecido autor de traballos de investigación centrados na temática da diversidade e a inclusión/exclusión educativa. As segundas pertencen a Paula Verde, fotógrafa afeccionada coñecida tamén polo seu empeño en mostrar o mundo do autismo dende outra perspectiva e con outros ollos a través do seu blog «Mi mirada te hace grande».

Coa combinación do seu traballo, pretenden espertar ao lector, facer que se pare, observe, reaccione e, sobre todo, cuestione o establecido.

É ben sabido que «na escola ordinaria no se pode atender a determinado alumnado como este precisa» Cantas veces temos escoitado esa frase case sen inmutarnos? E o que é peor... cantas o fixemos asumindo tal feito como normal e mesmo como o máis razoable?

Cantas familias «elixiron» derivar aos seus fillos cara unha escolarización excluínte despois de escoitar esa afirmación dos propios profesionais educativos? Resulta difícil rexeitar semellante «invitación», sobre todo para uns pais e nais que tratan de buscar respostas e axuda dentro da escola.

Pois ben, asumir esa «normalidade» non é dar resposta dentro da escola porque unha escola inclusiva como a que pretendemos, e da que mesmo presumimos, debe favorecer o dereito dos nenos

e nenas a educárense xuntos O problema non está na diversidade; o problema está nunha escola incapaz de asumila e atendela. E ata que isto ocorra, ata que teñamos superada a existencia de diferentes «escolas», non poderemos falar de educación inclusiva.

Como todos os procesos de transformación, este camiño precisa dun período de meditación profunda, de novas perspectivas e de miradas diferentes sobre os modelos establecidos.

E o contexto para iniciar ese camiño, para empezar a «deformarse», atopámolo precisamente nunha invitación implícita en todas as páxinas deste libro: unha invitación a ver en lugar de mirar, a recoñecer en lugar de coñecer e a reflexionar... sobre todo a reflexionar.



**BOletín**  
XUÑO 2019



centro de  
formación e recursos



Belén Cotón Méndez  
Asesoría Lingüístico-Social

## La emoción de aprender

Historias inspiradoras de escuela, familia y vida

Bona, César

Plaza & Janés, Barcelona. 2018 • ISBN: 978-84-01-01940-1 • 240 páxs.

Quizáis a moitos de nós ninguén nos ensinou a tratar coas diferenzas, con todo, hoxe é unha realidade de nas nosas aulas e precisamos recursos para traballar de maneira exitosa todas as etapas educativas tendo presente que a diversidade é unha oportunidade, e non un atranco para alcanzar a excelencia.

César Bona, mestre e compañeiro convidanos a reflexionar sobre os aspectos diversos cunha perspectiva en positivo, e nesa viaxe cara á diversidade, a través de anécdotas e a súa propia experiencia, convidanos a coñecer recursos para tratar a diversidade na aula. O libro pode definirse como «Unha viaxe cara á diversidade, unha reflexión sobre o éxito, o fracaso e as expectativas que condicionan

a nenos, nenas e adolescentes, e sobre como podemos darlles a posibilidade de construír un futuro de seu.»


César Bona, ademais de mestre e escritor, é un docente que poucos coñecían cando impartía clase nun colexio de Zaragoza, ata que foi elixido como un dos 50 mellores mestres do mundo, segundo o Global Teacher Prize, o «Nobel» da Educación. Licenciado en Filoloxía e Diplomado en Maxisterio, é fiel á súa sabedoría e experiencia docente.

Fiel defensor da educación creativa e innovadora, Bona asegura que «a aula debe ser un espazo de imaxinación». No seu ámbito é unha referencia e un compañeiro que goza

con esmero da profesión docente, que pretende transformar as metodoloxías e impulsar a motivación do alumnado. Nas súas palabras : «O sistema actual segue sendo memorístico e descoida o proceso educativo, no que o alumnado debe investigar, sentirse implicado e partillar, e non simplemente formularlles preguntas que se limitan a responder nun exame».

Algunhas das ideas que se espallan polo libro dinnos que a diversidade non anula, enriquece e que a innovación nace da posta en común a través de equipos interdisciplinares e dispares.

O autor deste manual, fai un itinerario práctico dun modelo de «ensino-aprendizaxe» que integra os principios pedagóxicos e mais a atención á diversidade. Ilusio-nante e motivador. Interesantes reflexións. Moi recomendable.



**BOLetín**  
XUÑO 2019

**CFR**  
A CORUÑA

centro de  
formación e recursos



Montserrat Penelas Cortés  
Asesoría FP

# La metodología del Aprendizaje y Servicio

Uruñuela Nájera, Pedro M<sup>a</sup>

Narcea. Madrid 2018 • ISBN: 978-84-277-2466-2 • 106 páxs.

A mellora das competencias profesionais docentes é unha necesidade prioritaria na formación do profesorado. Para avanzar cara a este obxectivo, precisamos reflexionar sobre as nosas propias prácticas educativas e, de xeito máis amplo, sobre os mesmos fins e propósitos da educación.

A ensinanza obrigatoria está deseñada

desde unha perspectiva de adquisición de competencias. Isto implica que o alumnado non só debe aprender contidos, senón tamén integralos, e ser quen de aplicalos a situacións problemáticas da vida cotiá. Difícilmente alcanzaremos este ambicioso obxectivo desde a ensinanza tradicional e centrada no texto como instrumento clave na aprendizaxe escolar.

Necesitamos repensar as metodoloxías de ensinanza. Nesta liña, aparece unha proposta que, sen ser recente, resulta de plena actualidade: a aprendizaxe e servizo.

Pedro Uruñuela, docente de longa experiencia, e con diferentes responsabilidades en ámbitos educativos presenta, nesta obra, un resumo claro e significativo do que

a aprendizaxe e servizo supón. Partindo dunha aproximación ao termo, desde as razóns que motivan

a súa utilización, desenvolve con claridade os compoñentes fundamentais: as necesidades

sociais, a acción de servizo como resposta á necesidade detectada e os tipos e características fundamentais da aprendizaxe. Continúa cunha relación de experiencias de diferentes etapas educativas para rematar coa explicación do proceso de planificación e desenvolvemento dun proxecto de aprendizaxe e servizo. Achega, tamén, unha selección de

bibliografía e unha selección de páxinas moi relevante e significativa para aprofundar no coñecemento desta metodoloxía.

A obra resulta didáctica e sinxela e supón un instrumento que facilita unha primeira aproximación clara e realista á aprendizaxe e servizo.



**BOletín**  
XUÑO 2019

**CFR**  
A CORUÑA  
centro de  
formación e recursos



Marta Dopico Vázquez  
Asesoría de Organización escolar e atención á diversidade

## Inteligencia emocional en la empresa

Goleman, Daniel

Conecta, Barcelona. 2018 • ISBN: 9788416883240 • 152 páxs.

Hoxe, malia que as TIC supoñen un horizonte sen retorno en todos os ámbitos, avogamos por humanizar cada vez máis as organizacións, non para contrarrestar os efectos das TIC senón para apoiar a cada vez máis a saúde e convivencia organizativa.

Goleman defende a bondade de coidar as relacións na empresa e practicar diferentes estilos de liderado, en función das circunstancias que nos rodean ou etapas que os equipos están a experimentar.

As súas breves indicacións sobre cada un dos escenarios

laborais e a necesidade de aprender a combatelos coa aplicación de técnicas utilizadas de intelixencia emocional, facilitanos neste manual unhas recomendacións, non só útiles para organizacións empresariais ao uso, senón para todo tipo de organizacións, mesmo sen ánimo de lucro como pode ser un centro educativo e os equipos que lle dan sentido: claustros, reunións departamentais, comisións, e equipos de formación en centro.

Mención merece o esquema de estilos de liderado e o seu impacto na empresa, que xera de seu este autor, pretenden-

do non adiantar o pracer de descubri-lo por un mesmo. Moi práctico, é recomendable para obter unha visión xenérica e sinxela do tema para tratar.

Doadada e amena lectura, ampla aplicación práctica que nun futuro como profesionais o alumnado pode precisar. Destacan as breves recomendacións e regras máis que básicas para o alumnado que o día de mañá ha de liderar calquera departamento dalgunha empresa asociada a nivel curricular cos módulos profesionais



DANIEL  
GOLEMAN

## Inteligencia emocional en la empresa

conecta

BOLETÍN  
XUÑO 2019



CFR  
A CORUÑA

centro de  
formación e recursos



Montserrat Penelas Cortés  
Asesoría FP

## Despertando la creatividad

Un desafío para la bella durmiente

Elba Pedrosa

Profit Editorial, Barcelona, 2018 • ISBN: 978-84-16904-92-1 • 127 páxs.

A autora deste libro, Elba Pedrosa, licenciada en Ciencias da información, é unha persoa de carácter incoado e dinámico que tanto escribe libros, imparte cursos de formación a profesionais de distintos ámbitos, exerce de actriz ou colabora con medios de comunicación. Froito de todo este labor realizado en campos tan diferentes e diversos como os citados é este ensaio divulgativo escrito

dende a experiencia e a práctica contrastada. Elba foxe das teorizacións innecesarias e da exposición tediosa e ofrécenos un manual repleto de indicacións enxeñosas e reflexións moi útiles e aplicables ben ao mundo da empresa ou da educación.

A historia da «Bela dormiente» funciona como fio condutor dun relato que se adentra nas múltiples facetas do pensamento

creativo, que se poden atopar nesta historia clásica. Unha historia, por outra banda, que a autora reinterpreta de xeito moi persoal para ensinármonos como afrontar os obstáculos que se nos presentan ao longo do camiño da vida. As receitas que nos concede a autora están relacionadas directamente con termos como paixón, ilusión e ardimiento.

O conto da «Bela dormiente» é unha



parábola do que nos acontece durante a vida. A medida que

medramos imos perdendo a inocencia primixenia e as

ganas de aprender e arriscar. Os adultos, en moitas ocasións, xa non miran con curiosidade a súa contorna e vanse durmindo nun soño plácido e calmo. Cada capítulo do libro péchase cunha serie de exercicios que nos levan a reflexionar sobre a nosa actitude vital, e nos impelen a non deixarnos arrastrar pola corrente do conformismo.

Elba propón unha forma de vivir e aprender máis

acorde cos tempos que vivimos e nos amosa que se pode aprender a ser creativo. Ensínanos tamén a avanzar como persoas, a superar atrancos e a gozar aprendendo. A autora defende a tese de que ao gozarmos, aprendemos máis e mellor. Este libro animanos a destapar o neno que todos levamos dentro e que, veces de abondo, se atopa amodorrado.



BOletín  
XUÑO 2019

CFR  
A CORUÑA  
centro de  
formación e recursos



Javier Pintor Elizalde  
Asesoría Lingüístico-social




# El trabajo por proyectos

Una vía para el aprendizaje activo

Martín Murga, Mar

Santillana Activa, Madrid, 2018 • ISBN: 978-84-680-4664-8 • 183 páxs.



Mar Martín Murga é mestra de educación infantil e educación especial. Dende hai anos mantén o seu blog <http://marmartinmurga.blogspot.com> actualizado con temas de interese relacionados coa aprendizaxe cooperativa, o labor tutorial na educación, aprendizaxe baseada en proxectos «ABP», etc.

No ano 2018 publica na editorial Santillana «El trabajo por proyectos. Una vía para el aprendizaje activo» converténdose nun documento-guía para axudar ao docente a introducir esta estratexia na súa práctica educativa.

Este libro contén un apoio visual que axuda o lector nas diferentes fases nas que se desenvolve un proxecto dende a preparación inicial (definición do tema, establecemento do punto de partida, o logro da motivación por parte do alumnado e a súa planificación), ao seu desenvolvemento e execución (investigación, análise e síntese), a comunicación e presentación (recompilación de evidencias de aprendizaxe) e ao peche centrado na celebración e mais o recoñecemento.

A autora resalta a relación que se establece entre o traballo por proxectos e os catro tipos de familias de modelos de ensinanza (Bruce Joyce e Marsha Weil): **A familia dos modelos sociais** no que fai fincapé na conduta social e na

interacción cos demais; **A familia dos modelos de procesamento da información** relacionada coa necesidade de ensinar a pensar o alumnado a través do uso axeitado dos coñecementos, aptitudes e habilidades de pensamento; **A familia dos modelos persoais** co obxectivo de favorecer un equilibrio emocional; **A familia dos modelos condutivos** centrándose nas condicións axeitadas que proporcionan o éxito na aprendizaxe.

Estes modelos de ensinanza son modelos de aprendizaxe que ofrecerán ao profesorado diferentes estratexias para alcanzar os obxectivos nos diferentes proxectos. A autora conclúe coa avaliación final dos proxectos tendo en conta os seis principios básicos de Steinber: rigor académico, autenticidade, aprendizaxe aplicada, exploración activa, conexión co mundo e práctica de avaliación acumulativa.

A ensinanza por proxectos resulta unha estratexia imprescindible para lograr unha aprendizaxe significativa, sólida e permanente no alumnado.

*«Si enseñamos a los estudiantes de hoy como enseñamos ayer, les estamos robando el mañana».* (John Dewey)



BOletín  
XUÑO 2019

CFR  
A CORUÑA  
centro de  
formación e recursos



Sabela Fernández Trelles  
Asesoría infantil e primaria

# PhET Interactive Simulations

Enderezo: <https://phet.colorado.edu/es/> • [Consulta realizada o 31/05/2019]

**PhET Interactive Simulations**, da Universidade de Colorado, é un proxecto de simulacións educativas interactivas e gratuítas, que ten como obxecto fomentar o interese do alumnado en materias STEM a través da investigación.

Fundado no ano 2002 polo Premio Nobel Carl Wieman, o proxecto baséase en simulacións a través das cales o alumnado aprende explorando e descubriendo, nunha contorna intuitiva.

O deseño e uso das simulacións baséase nos datos proporcionados polo propio alumnado a través de entrevistas individuais e grupais, que fundamentan o estudo para deseño por parte do profesorado colaborador e técnicos informáticos, das interfaces de aprendizaxe do alumnado.

Diferentes estudos sobre a introdución destas simulacións no proceso de ensino-aprendizaxe, demostra que as

simulacións PhET son máis eficaces para a comprensión conceptual, así como unha fonte de motivación na aprendizaxe de conceptos tradicionalmente complexos.

Proba do éxito do proxecto PhET son os numerosos premios que acadou ao longo desta última década como o TPG Web Accessibility Challenge, Delegates Award (2018), o APS Excellence in Physics Education Award (2018) ou o WISE Awards (2017), entre moitos outros.

Actualmente PhET Interactive Simulations conta con 148 simulacións traducidas a 93 idiomas (192 en castelán e 120 en galego), clasificadas segundo materias (Bioloxía, Física, Química, Ciencias da Terra, Matemáticas), etapa escolar ou por tipo de dispositivo, así como un apartado específico para o profesorado.



# BOletín

XUÑO 2019

**CFR**  
A CORUÑA

centro de  
formación e recursos



Irene Mira Fernández  
Asesoría TIC

## El rincón de Patronio

Enderezo: <https://elrincondopatronio.wordpress.com/>

[Consulta realizada o 31/05/2019]

Este blog é obra dun profesor de lingua e literatura castelá do IES La Foia d'Elx (Alicante). Nesta bitácora recóllense algunhas das actividades que, ao longo destes últimos anos, este docente realizou co seu alumnado. O obxectivo é presentar tarefas que sexan exportables a outras materias e mesmo adaptalas a contextos educativos diversos. Deste xeito, recórrase á arte nas súas diversas manifestacións (literatura, pintura, dramatización, danza, música, etc.) como un aspecto transversal que pode ser tratado dende calquera materia.

As propostas aquí presentadas teñen como obxectivo principal motivar o alumnado na realización das tarefas, e fomentar a súa autoestima a través da realización dun traballo plástico, visual e artístico.

No blog inclúense diferentes proxectos que nacen de experiencias reais dentro da aula. A metodoloxía de todos os proxectos presentados é inclusiva pois o que se pretende é que todo o alumnado poida participar na súa elaboración. Aínda que moitos dos proxectos se realizaron na aula de castelán ou na aula de tutoría, poden implementarse noutras áreas, xa que un dos principios fundamentais sobre os que xiran as unidades é o da interdisciplinariedade.

Outro aspecto que se traballa ao longo dos proxectos é a educación en valores, xa que a empatía, o respecto, a igualdade e mais a convivencia son principios sobre os que se incide en todas as actividades presentadas.

Nas diversas seccións desta bitácora



atopamos tarefas que perseguen fomentar a lectura dende todas as áreas curriculares e actividades que inciden en impulsar o uso das TIC na aula, e en xestionar de maneira correcta as redes sociais.

Esta valiosa e completísima bitácora ofrece recursos e información para traballar temáticas tan relevantes como a atención á diversidade do alumnado, a educación en valores, a educación ambiental, a coeducación, a educación para a igualdade, o uso didáctico das tecnoloxías, o fomento das metodoloxías activas e o incremento das competencias comunicativo-lingüísticas do alumnado, entre moitos outros aspectos.



**BOletín**  
XUÑO 2019

**CFR**  
A CORUÑA  
centro de  
formación e recursos



Javier Pintor Elizalde  
Asesoría Lingüístico-social

«Atio.es» é unha web dedicada ás tecnoloxías educativas, que o profesor Martín Pardiñas Fondo creou e, asemade, enche de contidos coa fin de mantela actualizada.

Este docente, informático e arquitecto técnico, explícanos as diferentes partes das que se compón unha aula dixital. Ensínanos a sacarlle partido a un EDI (encerado dixital interactivo), dende a instalación ata as metodoloxías e didácticas máis axeitadas para o seu uso.

Ten un apartado dedicado ao software libre no que comeza amosándonos como usar Drupal, o CMS (xestor de contidos) empregado por webs dinámicas para os centros de ensino para publicar información de cara ás familias e ao público en xeral. Continúa ensinándonos a usar o sistema operativo Linux e a «suite» ofimática libreoffice para posteriormente adentrarse no mundo da creación de contidos con exelearning. Esta aplicación permite aos usuarios crear os seus propios proxectos multimedia sen saber nada de programación e, deste xeito, o profesorado pode desenvolver e publicar contidos ou materiais de aprendizaxe sen a necesidade de coñecer en profundidade o HTML, o XML, ou aplicacións complica-

das para publicar en Internet


E non podía faltar un tema dedicado ao Moodle e máis concretamente a E-Dixgal, un proxecto da Consellaría de educación para a incorporación de materiais dixitais en todas as materias de 5º e 6º de Educación primaria e 1º e 2º da ESO.

Pero a xoia da coroa de «atio.es» é un tema dedicado ás matemáticas. O movemento OAOA «outros algoritmos para operacións aritméticas» é outro xeito de ensinar esta materia que pretende acabar coa idea de que «as matemáticas non se me dan», abordando doutra maneira a forma de ensinalas, xa que todo o mundo está capacitado para entendelas.

Explicáanos que son as «regletas» de Cuisenaire. Móstranos outras formas e algoritmos para operar cos números e facermos cálculos. Ademais, dispón de múltiples fichas de traballo.

Para rematar, ten un apartado dedicado aos recursos no que nos mostra ligazóns a vídeos explicativos sobre o tema, bibliografía, webs de interese e material auxiliar.





## Leoteca

Enderezo: <https://www.leoteca.es/>

[Consulta realizada o 02/06/2019]

Leoteca é un espazo dedicado á literatura infantil no que se poden atopar recursos para animar á lectura tanto dentro como fóra da aula. Esta aplicación permite buscar información, visualizar vídeos, publicar comentarios con recomendacións lectoras e achegar suxestións.

Leoteca é unha comunidade infantil orientada a converter a lectura nunha actividade atractiva e motivadora. Este portal está pensando para que os máis novos se unan ao mesmo e así poidan compartir a súas experiencias

lectoras con outras persoas.

Para formar parte da comunidade de Leoteca é necesario rexistrarse na aplicación. Mais para isto é preciso o consentimento dos pais ou dos titores escolares.

En Leoteca pódense consultar as lecturas realizadas por outros compañeiros, realizar suxestións, comentar, votar os libros e realizar buscas para seguir lendo segundo os gustos e inclinacións de cadaquén. Esta aplicación resulta tamén interesante para o profesorado por mor

da súa vertente de rede social. Ofrece información sobre a evolución lectora na aula e potencia o interese pola lectura.

A través de Leoteca podemos compartir experiencias de lecturas en ámbitos que non sexan exclusivos da aula e aproveitar as potencialidades que nos ofrecen as contornas dixitais. Esta plataforma ofrece tamén propostas didácticas e recomendacións lectoras interesantes para toda a comunidade educativa.

O cambio nos hábitos de lectura é imparabile. A escola debe formar

lectores comprometidos e activos que compartan as súas experiencias de lectura. Neste sentido é preciso crear espazos que posibiliten o diálogo pracenteiro entre lectores. Propostas coma os dos clubs de lectura, as tertulias dialoxísticas ou as redes sociais de lectura deben contribuír a formar lectores literarios, críticos y autónomos, capaces de emocionarse cunha lectura ou adoptar una postura crítica perante un texto.



Este é  
*o inicio do camiño,*  
necesitamos  
a túa *participación*



- Consulta as **novidades** na nosa biblioteca
- Participa nas nosas **sesións de lectura**
- Envia as túas **recensións** sobre novidades editoriais educativas

Indica onde che gustaría participar e envíanos un mail a [cfr.coruna.bibliotecas@edu.xunta.es](mailto:cfr.coruna.bibliotecas@edu.xunta.es)



[cfracoruna](#)



[@cfracoruna](#)



[cfracoruna](#)